



**Recita
durante
20 segundos.**



O MAR ten soños
de luz e sal
de noites limpas
e de cristal.



Ai, como aluma
a pel do mar!
Pel de salitre.
Pel de coral.

Soños de pombas
que soña o mar. 
Soños de praias
sen debuxar.

Soños de sombras
sen albear.

Soños de barcas
na preamar
e de piratas
sen unha man.



O mar ten soños
de sol e cal.

É bo que esperte
do seu soñar?



Antonio García Teijeiro.
Poemar o mar.

Proxecto “ 20 segundos ”

Poemas seleccionados e ilustrados por alumnado do CPI de Cova Terreña.

Equipo de Dinamización da Lingua Galega.